

## **Criterios sobre cualificación e promoción do alumnado**

A avaliación rexeráse pola superación dos contidos do programa para cada un dos cursos a través dos seguintes criterios:

- 50% da nota, exercicios de cada tema realizados e corrixidos na clase: en cada trimestre daranse tres temas cos correspondentes exercicios que terán que realizar na súa libreta. Unha vez corrixidos e se o alumno ten tódolos exercicios correctamente feitos, a súa nota será de un 5, e restaráselle 0,5 puntos por cada exercicio que esté sen facer ou mal corrixido ata un máximo de 5.

- 50% da nota, proba oral dos contidos de cada tema: ó finalizar cada tema realizarase unha proba oral a través de preguntas sobre os contidos. O alumno que responda positivamente obterá 0,5 puntos ata un máximo de 5.

A nota final de xuño coincidirá coa nota da terceira avaliación.

Os alumnos que non superen a asignatura e teñan que acceder ás probas de setembro terán que realizar unha proba escrita dos contidos de todo o curso que consistirá en dez preguntas e se valorará con un punto por cada unha respondida positivamente.

Eses criterios de avaliación propostos pola Comisión Episcopal de Enseñanza desenvólvense nos estándares de aprendizaxe de xeito que un alumno aprobará esta materia cando obteña o grao mínimo segundo ás rúbricas do apartado dous desta Programación onde se expresan os perfís competenciais. Tamén pode observarse nesas rúbricas a diferente puntuación que entre cero e dez adquire o alumno segundo a graduación da rúbrica.

Polo tanto, se un alumno acada unha cualificación igual ou superior a cinco terá aprobada a materia. No caso contrario, deberá recuperala do xeito seguinte:

- > Se suspende a primeira avaliación deberá presentar as súas producións na segunda avaliación. Se a autoría do alumno está garantida, e acada os estándares de aprendizaxe, a súa cualificación será dun cinco.
- > Se suspende a primeira e/ou a segunda avaliación deberá presentar as súas producións na terceira avaliación. Se a autoría do alumno está garantida e acada os estándares de aprendizaxe a súa cualificación será dun cinco.
- > Se suspende a avaliación ordinaria de xuño, o alumnado deberá presentarse á proba extraordinaria que a partir deste curso 2021-22 será tamén en Xuño presentando o seu blog, caderno ou portfolio que se calificará segundo a rúbrica de blog.

A cualificación final da materia será a media aritmética das cualificacións das tres avaliacións.

En canto á promoción do alumnado este departamento seguirá en todo momento a normativa e os criterios acordados no centro.